

○ viño albariño e os conversos portugueses

Juan Juega Puig



O Mosteiro de Lórcz dominando o río

O cenobio beneditino do Divino Salvador de Lórcz, situado na ribeira norte do curso baixo deste río comparte coa vila de Pontevedra boa parte da súa historia, o seu coto estendíase ata o arranque da ponte do Burgo e as súas terras alimentaban en boa medida aos veciños da vila. En concreto referímonos a un viña de mala calidade, denominado *ullao* en todo o arcebispado de Santiago, que tal vez deriva do río Ulla, viño que non era exportable e só valía para o consumo local. En Pontevedra entendíase que o viño *ullao* era o cultivado na contorna da vila, *el vino que se cogiese devajo de la campana de San Bartolomé* desta vila. Os seus rexentes gabábanse, a fins do século XVI da calidade destes viños: *el vino ullano que en la dicha villa se cogía era el mejor que se cogía en toda el dicho arzobispado de Padrón* *allá*. Mais a realidade era moi distinta e houbo que impor, como en outras partes, un consumo obrigatorio para dar saída a estes caldos de tan baixa calidade. Durante dous meses nas poboacións


costeiras impúñase o estanco do viño, que soamente permitía o consumo dos viños da contorna.

Os beneditinos de Lórcz acaparaban unha grande cantidade de viño ullao, que despachaban nas adegas do cenobio e na vila de Pontevedra, instalada no edificio coñecido como a Casa da Campá. Os frades preferían para o seu consumo o viño procedente das ribeiras do Avia, en concreto do coto de Gomariz; a finais de 1587, o abade contrata a sete veciños da parroquia de Xustáns, para que conduzan ata o mosteiro dezaseis mollos de viño, máis de dúas toneladas, nas súas bestas e pelexos. Esta predilección compártena cos funcionarios da Real Audiencia de Galicia, con sé na Coruña, que a causa da peste trasladáronse a Pontevedra, no verán de 1563. Solicitan ao concello que non os someta ao tormento de consumir viño ullao, obrigatorio para o común durante os meses de verán, *atento que debe beber bino da la tierra se les podría suçeder mucho daño y*

enfermedad, solicitude que foi atendida polos rexentes, sinalando a dous mercadores aos que poden acudir os oidores a facerse co viño de Ribadavia e rosete. Os funcionarios do tribunal ensaian en Pontevedra o que no ano seguinte instituíuse como norma habitual na cidade herculina. Esta medida complétase, ese mesmo ano, coa delimitación realizada polo concello coruñés do que hoxe chamariamos denominación de orixe, ao sinalar a zona xeográfica na que se obtén o viño de Ribadavia de máxima calidade. Nalgunha ocasión chégase a rexeitar o viño procedente dalgunha freguesía non comprendida nestes límites; no 22 de outubro de 1628, Juan de Grandán, labrador e veciño da parroquia de San Martiño de Borela, se obriga *el con su recua y otros de su mandato a traer do Ribeiro de Avia a Miguel Donís 13 mollos de viño branca, que non sexa da Amoia*.

O mosteiro de Lórcz decide de acordo cos seus foreiros proceder á transformación dos viñedos máis

improdutivos a eidos de cereal. Esta iniciativa iníciase, en 1561, no Burgo Pequeno ou Burgo de Alén; Isabel Gonzáles da Franqueira, viúva, tiña aforada do mosteiro unha casa e furneiro, coa súa *viña e baçelos detras do sytio do hello en el vurgo de la dicha villa, coto del dicho monasterio*, pagaba de renda 24 maravedíes vallos. O abade era informado que na dita viña e baçelo *no era provechosa al dicho monasterio y le costaba por vista de ojos que della no se cabraba sy no muy poco renta e bino y sería más provecho para el dicho monasterio y acrecentamento de sus çertadas rentas... estaba concordada y concertado con la dicha Ysabel de Franqueira, que le pagase pan la renta de la dicha viña*. Continúa na seguinte década: o mosteiro posúe unha leira e viña, sita na parroquia de San Mamede de Moldes, aforada a Juan da Fonte, pedreiro, finado, que agora posúe a súa filla, María, porque *el dicho abad y monjes avían aforada las otras leiras de junto de aquella e dado licencia a las personas a quien las aforaban que las volviesen en heredades y pagasen la renta a pan sabido, porque no querían dar bino ny rentaban en bino al dicho monasterio, sino muy poca cosa*. Na década dos 80 xeneralízanse os descepes: no 1584, o abade informa como tres leiras do couto monacal e dedicadas a viña, *al presente... andan perdidas y detruídas, de manera que a muchos años no rentan ninguna casa al dicho monasterio, porque los dueños que las salían traer les dexaran yr a monte y andan en silbeyral y algunas dellas andan de heredad*. Os rendeiros solicitan permiso para transformar as viñas en campos de cereal, atendendo que as viñas do citado lugar non requirían dar viño e gastaban máis nelas en traballalas que collían de proveito. Confirmando esta vocación cerealista do agro pontevedrés, recuperáanse os vellos muiños abandonados e convértense en pardiñeiros: no 1587, son restaurados os muiños de Porto Salgueiro, en Mourenta; no 1589, os de Bora.



Acias de albariño

O empeoramento que acompaña á Pequena Idade Glacial vai forzar non só o cambio de dedicación das terras, senón tamén á reversión a monte das peor situadas. No couto de Lárez esta transformación dos cultivos aprovéitase para a introdución nas mellores terras dunha variedade nova de viñedo, que *chaman albariño de buena casta*. En outubro de 1607, don Jerónimo de Saavedra, fillo do licenciado Juan García, fiscal na Real Chancillería de Valladolid, arrenda por nove anos ao rico mercader local Juan Dinís a viña que posúe no coto de Lárez, propiedade do mosteiro, en sete ducados anuais, quedando obrigado a *plantar e inchir la viñanueva que llaman albariño que sea de buena casta*. Outro arrendo insiste nesa novidade: Juan de Paços, marreiro do Arrabaldo, arrenda a Domingos de Lárez, sombrecero, unha viña e horta no coto de Lárez, *a do dizen los malláns de Leres, por nove anos dende a festividade de San Martiño e cunha renda anual de seis ducados e demás dello abeis de ser obligado a buestra costa y misión a poner y plantar en la dicha viña cada un año medio hombre de caba de bina blanca albariño de buena caste y las árboles y frutales de buena caste de dar fruta que puxierades*.

A variedade de viña albariña xa se cita en Santa Baia de Tui, en 1541. A súa principal característica, que se mantivo deica os nosos días, é a do ser un viño monovarietal, no que se emprega na súa elaboración unha única caste de uva, que lle da o seu nome, esixencia dun contrato de venda, datado en 1581, por un labrador da parroquia de Darbo: *una pipa de bino blanco albariño, haxaxoica, sin llevar otra mestura*. Os viñedos de albariño no couto de Lárez continuarán a bo ritmo: en 1651, Xácome Toriño, labrador, concerta con Andrés de Escalante, que lle entregará *quebradas y echos... cincuenta postes de piedra de nuebe palmas y quando mareas algunos de ocho, todo ello más o menos gruesos y derechas, que an de servir para la composición y aderezo de las viñas y parras*. Os escasos documentos localizados permiten supoñer unha orixe portuguesa para o viño albariño, como o serán tantas e tantas achegas ás poboacións das Rías Baixas e, moi especialmente a Pontevedra, como podían ser as fontes de "lazas" ou chafarís, o arco triunfal sito na entrada da ponte do Burgo e un longo etcétera, favorecido pola instalación de colonias de conversos portugueses da comarca de Braga, liñaxe ao que pertencía Juan Dinís.